

Obxetivo da Xornada

Empresas e Administracións de todo o mundo recoñecen a excelente formación dos nosos titulados e están a captar ese talento.

En España, a competencia laboral destes profesionais segue sendo pouco coñecida, a pesar dos máis de 25 anos de andaina.

Nesta Xornada, algúns profesionais en Ciencias do Mar achegaránnos a súa experiencia, cales son as súas competencias laborais principais e as habilidades transversais que lles converteron en profesionais recoñecidos.




Lugar de Celebración:

Salón de Actos
Edificio de Ciencias Experimentais
Universidade de Vigo
Lagoas-Marcosende, s/n

A Xornada será retransmitida en *streaming*
dende:

<http://tv.uvigo.es/es/directo/2.html>



OCEANÓGRAFOS POLO MUNDO

5 de Mayo de 2017

Facultade de Ciencias do Mar
Universidade de Vigo

*Xornada de presentación de profesionais no
ámbito mariño: Competencia laboral dun
titulado en Ciencias do Mar*

A titulación en Ciencias do Mar

No ano 1991, implantouse a titulación de Ciencias do Mar na Universidade de Vigo, sendo esta a única Facultade en todo o norte peninsular.

Nas nosas aulas, imparten docencia profesionais do medio mariño de relevancia internacional. Oceanografía física, química, biolóxica e xeolóxica componen o corpo de coñecementos que adquiriron os máis de 2000 titulados en Ciencias do Mar formados no noso Centro.

Esta formación multidisciplinar xera profesionais versátiles e con alta cualificación, capaces de abordar tarefas en calquera ámbito relacionado co medio mariño. Entre as áreas profesionais con maior demanda destes titulados atópanse a enxeñería de costas e mariña, a protección e conservación do medio mariño, contaminación e control da calidade da auga, acuicultura e biotecnoloxía, enerxías renovables mariñas, explotación de recursos mariños (tanto minerais, como pesqueiros) ou xestión costeira, entre outras.

Entre as habilidades más destacadas dos nosos titulados atópase a iniciativa, a motivación, a capacidade de aprendizaxe e de traballo en equipo.



PROGRAMA:

- 09:30 Acto de apertura
Representante Diputación Pontevedra o Xunta Galicia por confirmar
D. Salustiano Mato, Reitor da Universidade de Vigo
Dña. Belén Rubio, Decana da Facultade de Ciencias do Mar
- 09:55 Introducción e presentación do acto
- 10:00 **D. Miguel Gil Coto**
Científico Titular do Instituto de Investigación Mariñas de Vigo (CSIC)
- 10:20 **D. Carlos Botana Langarón**
Director do Dpto. de Sostenibilidade da Autoridade Portuaria de Vigo

- 10:40 **Dña. Marta Álvarez Rodríguez**
Científica Titular do Instituto Español de Oceanografía da Coruña
- 11:00 PAUSA café
- 11:20 Presentación vídeos de Oceanógrafos polo Mundo
- 11:30 **Dña. Noelia Estévez Calvar**
Investigadora Posdoctoral no Istituto di Scienze Marina de Génova_ISMAR (Italia)
- 11:50 **Dña. Tania Lado Ínsua**
Responsable de proxectos no centro de I+D Ocean Networks (Canadá)
- 12:10 **D. Carlos Alberto Fernández Ferrín**
Responsable de Exploración en ExxonMobil (EEUU)
- 12:30 **D. Alfonso Fernández Dávila**
Científico do Institute of Search for Extraterrestrial Intelligence_SETI, NASA(EEUU)
- 12:50 Mesa Redonda:
Competencias e habilidades dun profesional en Ciencias do Mar
- 14:00 Despedida. Viño Español